

# Páxinas Informativas do Museo do Pobo Galego



Museo do Pobo Galego • San Domingos de Bonaval • 15703 Santiago de Compostela  
tel. 981 583 620 • fax 981 554 840 • www.museodopobo.es • correo electrónico: info@museodopobo.com

Dirección: Carlos García Martínez ■ Secretaría: María-Xosé Fernández Cerviño  
Redacción: David Conde Lourido, Ana Estévez Lavandeira, Rosa Méndez García, Belén Sáenz-Chas Díaz  
Administración: Xulia Vázquez Randulfe

xaneiro 1/2009

*Estimadas amigas e amigos: Ao comezar o novo exercicio, presentamos un resumo da memoria do ano 2008. Se algunha persoa desexa recibir información máis detallada pode solicitala á Secretaría do Museo.*

*Manifestamos desde aquí a gratitude a todas as persoas e institucións que, por calquera título, contribuíron a culminar un exercicio máis na traxectoria do noso centro.*

A Dirección

## Memoria de Actividades 2008



Intervención do Dr. Alén na entrega do Premio Nacional de Cultura galega na modalidade de cultura popular e de base

O día 15 de febreiro, nun acto celebrado na igrexa de San Domingos de Bonaval, Panteón de Galegos ilustres, o Concello de Santiago de Compostela impúxolle ao Museo do Pobo Galego a **Medalla de Ouro ao Mérito cultural**, coa asistencia do ministro de Cultura.

Na primeira edición dos **Premios Nacionais da Cultura Galega** seleccionouse o Museo do Pobo Galego na modalidade de cultura popular e de base, valorando que o noso centro, que naceu como unha iniciativa cívico-cultural, vén realizando desde hai trinta anos un labor fundamentalmente orientado á divulgación da cultura galega a través da posta en marcha de numerosas iniciativas. O vicepresidente primeiro do Padroado, Dr. Luciano García Alén, recolleu o premio o 14 de xuño e ofreceullo a todos os que participamos nesta empresa.

### OBRAS E INSTALACIÓNS. MONTAXE DE SALAS

Renovouse a iluminación da sala do traxe para adaptala ás necesidades de conservación dos materiais téxtiles. Así mesmo, nas áreas de traballo substituíronse as luminarias para axeitalas ás normas de seguridade e saúde no traballo.

Ampliouse á segunda planta a instalación de detectores de fume e incendio e instaláronse novos elementos de almacenaxe e conservación para arquivos e fondos bibliográficos.

As salas *Da imprenta. Dos impresores e encadernadores. Do libro e da prensa*, completáronse coa instalación de sinalización na escaleira de acceso.

Durante os meses de agosto a outubro fixéronse obras de reparación e mellora en diversas salas. A intervención dos Departamentos de Conservación, Exposicións e Mantemento, que afecta tanto ás condicións das salas como dos fondos expostos nas salas de oficios situadas na planta baixa e na entreplanta



A sala do Mar foi unha das sometidas a obras de mantemento e mellora

do corpo norte, así como na sala do Mar, traducíuse nunha mellora apreciable da montaxe das áreas afectadas, incluíndo novos elementos explicativos.

### EXPOSICIÓNS

As salas temporais acolleron dez exposicións:

■ **Redes de coñecemento. A JAE e a ciencia en Galicia.** 14 febreiro-25 marzo

Organiza: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Patrocina: Fundación Caixa Galicia.

■ **Darío Basso. Algoritmi dixit:** 24 abril-15 xuño  
Instalación pictórica coa que o artista pretende incidir nas correspondencias entre artes, ciencias e culturas de civilizacións dispares e antitéticas (Oriente e Occidente).

■ **Historia dunha emigración difusa. 500 anos de emigración galega a Lisboa.** 8 maio-1 xuño. Producción de Acuarela Comunicación.

■ **Queremos coñecernos... Mulleres científicas.** 29 maio-29 xuño. Organiza: Secretaría xeral da Igualdade.

■ **Na lembranza de D. Xesús Taboada Chivite, 1907-2007.** 26 xuño-27 xullo

Esta mostra conmemorativa do centenario do nacemento do que fora vicepresidente do Padroado do Museo, organizada polo Museo Arqueolóxico de Ourense coa colaboración do Museo do Pobo Galego e o Grupo Marcelo Macías, exhibiuse previamente en Verín. Con posterioridade á súa estancia no Museo seguiu a súa itinerancia pola provincia de Ourense.



■ **Paisaxes humanizadas, terras vividas.** Fotos de Luís Higinio Flores Rivas. 16 setembro-26 outubro  
Co patrocinio da Xunta de Galicia: Consellería de Cultura e Deporte.

Neste novo proxecto, comisariado polo etnólogo José Luís Mingote, Luís Higinio Flores Rivas deixa testemuño da cultura tradicional da paisaxe, unha preocupación que está presente en todo o seu traballo. Nestas imaxes pódense contemplar múltiples solucións técnicas, que permiten ser conscientes das variadísimas posibilidades existentes á hora de solucionar un problema.

■ **Proxecto didáctico Antonio Fraguas.** 11 outubro-23 novembro

Organizan: Fundación Antonio Fraguas Fraguas e Museo do Pobo Galego

Patrocinan: Consellería de Cultura e Deporte. Fundación Caixa Galicia. Fundación Caixanova

Exposición dos traballos seleccionados na 5ª edición do Proxecto didáctico Antonio Fraguas. Nesta ocasión as propostas premiadas foron o proxecto *As fábricas da luz de Rechinol, Portodís e Portochao como exemplo de descoñecemento do noso patrimonio cultural* do IES de Melide e a proposta do IES Concepción Arenal de Ferrol, *As embarcacións tradicionais da Comarca de Ferrol*. O Departamento de Educación e Acción cultural do Museo colabora cos centros na montaxe da mostra.

■ **Xenaro Martínez Castro.** 4-30 novembro  
Coa colaboración da Fundación Caixa Galicia, Gonzacac, imprenta Litonor, Galería SCQ, Artecom, Paco de Pin e o grupo Leilía.

O pasamento prematuro de Xenaro Martínez Castro, en plena madurez da súa traxectoria como fotógrafo, foi fondamente sentido polos seus moitos amigos e coñecidos, entre os que deixou unha pegada perdurable pola súa calidade profesional e humana. Esta conxunción fixo xurdir espontaneamente entre algúns de nós o desexo de manifestar a estima que sentimos por el. E o Museo do Pobo Galego, institución da que foi socio e coa que mantivo unha relación de colaboración xenerosa, asumiu o compromiso de acoller esta mostra, que conmemora o primeiro aniversario da súa desaparición.



Baixo a organización de Mercedes Rozas, tamén socia do Museo, e de Xosé Ramón Fandiño, membro do noso Padroado, reuniuse unha antoloxía dos traballos de Xenaro Martínez recollendo as imaxes máis persoais, algunhas inéditas, que son testemuños patentes da visión estética e poética do fotógrafo.

■ **Faros de onte, faros de hoxe.** 27 novembro-7 decembro

Organizan: Secretaría Xeral de Comunicación e RETEGAL

■ **A Vía da Prata. Unha calzada e mil camiños.** 11 decembro-25 xaneiro 2009

Organiza: Sociedade Estatal de Conmemoracións culturais. Colaboran: Consellería de Cultura e Deporte e Museo do Pobo Galego

### Itinerancias

A exposición *Debuxos e gravados nas construcións populares*, de Higinio Flores, exhibiuse entre o 1 de xuño ao 31 de xullo no Museo Seno de Corcubión. O mesmo centro acolleu a exposición *Señoras e señores*, de fotografías de Ricardo Alcalde, entre o 20 de agosto e o 30 de setembro. *Paisaxes humanizadas, terras vividas*, de Luís Higinio Flores, expúxose na Biblioteca pública de Pontevedra entre o 18 de decembro e o 22 de xaneiro de 2009.

### XORNADAS E CURSOS

O 14 de abril organizouse, en colaboración co Consello Galego de Museos, unha Xornada técnica de Museos, na que o museólogo Andrés Carretero Pérez presentou ao persoal dos centros participantes o sistema DOMUS de documentación e xestión museográfica.

No ano dedicado pola Real Academia Galega a honrar a Xosé María Álvarez Blázquez, dedicándolle o Día das Letras Galegas, o Museo sumouse á celebración da memoria do que fora seu vicepresidente desde que se constitúe o Padroado, en xullo de 1976, ata o seu pasamento o 3 de marzo de 1985. O 19 de novembro celebrouse unha mesa redonda homenaxe en torno á súa vida e obra, na que participaron o patrón Clodio González Pérez, Darío Xohán Cabana, escritor e académico da RAG, o escritor Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo do homenaxeado, e Fernando Acuña Castroviejo, vicepresidente do Padroado. O acto finalizou coa presentación do nº 17 da serie Alicerces, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*.

### PUBLICACIÓNS

Editouse, co patrocinio da Vicepresidencia da Xunta de Galicia, o catálogo da exposición de fotografías de Ricardo Alcalde *Señoras e señores. O solpor dun legado*, organizada en 2006. O catálogo vai acompañado dun ensaio introdutorio de Marcial Gondar.

Tamén se publicou, neste caso co patrocinio da Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible, o catálogo da exposición *Paisaxes humanizadas, terras vividas*, con textos introdutorios de José Luís Mingote e Begoña Bas.

Igualmente se editou o catálogo da exposición *Xenaro Martínez Castro*, ao coidado de Mercedes

Rozas e Xosé Ramón Fandiño, mercé á colaboración da Fundación Caixa Galicia e Gonzacac.

O número 17 da serie Alicerces, *A muller na literatura medieval e outras achegas etnográficas*, rende homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez, vicepresidente que foi do Museo.

A Fundación Antonio Fraguas Fraguas asumiu a edición de *O Museo do Pobo Galego, contedor de valores*. Este libro recolle o esencial da tese de doutoramento de Fátima Braña Rei, socia do Museo, que desde 1999 representa activamente o colectivo de socios no Padroado e mais na Xunta Reitora, lida na Universidade de Santiago de Compostela o 10 de novembro de 2006. A edición conta cun prólogo do patrón Marcial Gondar, director da tese.

### DEPARTAMENTO DE CONSERVACIÓN

Ingresaron 131 novos elementos, todos eles por doazón. Con isto, o inventario chega a 9.765 rexistros. Entre os ingresos cómpre mencionar o de Aurelio Rivas Varela, fillo do escultor José Rivas, integrado por ferramentas e outros obxectos procedentes do taller do seu pai; Trinidad Álvarez Olariaga, un conxunto de medallas conmemorativas que pertencían ao crítico de arte Fernando Mon; Rosa Lourido Reguera, un carro do país e outros obxectos para o transporte animal, e Mª Luz Martínez Cardoso, un ábaco da escola.

Comezouse a traballar nas salas de reserva e almacéns, co obxectivo de redistribuír e organizar os espazos destinados aos servizos do Museo, dotando a colección das salas de reserva axeitadas para a súa correcta conservación, e creando ao mesmo tempo espazos destinados ao almacenamento e tránsito dos diferentes tipos de materiais (publicacións, mobiliario expositivo, exposicións temporais, etc.).

Cedéronse en préstamo pezas para as seguintes exposicións:


*Na frente, unha estrela*, organizada pola Real Academia Galega

*Visita à Galiza do ouro que adorna a mulher vianense*, organizada pola Cámara Municipal de Viana do Castelo e a Excm. Deputación Provincial da Coruña

*Minerva e Marte. O Batallón Literario de 1808*, organizada pola Universidade de Santiago



Unha das salas de reserva, despois da reorganización



En canto a reprodución de fondos do Museo, o total de solicitudes tramitadas foi de 17, para a reprodución de obxectos da colección, documentos do Arquivo Gráfico e vitrinas e montaxes das salas do Museo. Os solicitantes son, sobre todo, fundacións, editoriais, produtoras e empresas de xestión cultural.

## BIBLIOTECA

Cos 217 títulos que ingresaron, por diversos conceptos, ao longo do ano, acádanse 56.271 volumes, aos que hai que sumar 1.862 cabeceiras periódicas, baixo as que se reúnen máis de 45.000 exemplares. O catálogo bibliográfico automatizado acadou os 41.194 rexistros en monografías, 1.862 en publicacións periódicas (coleccións) e 9.075 artigos baleirados (libros e revistas). A doazón de material informático por parte do socio Eduardo Beiras permitirá mellorar e axilizar as tarefas automatizadas tanto da biblioteca como do arquivo.



Aspecto da mostra bibliográfica dedicada a Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez o Día das Letras Galegas

Entre os ingresos cómpre destacar a entrega que vén facendo Enrique Santiago Barbeito de libros pertencentes á biblioteca do seu pai, o finado patrón Gustavo Santiago Valencia, que pasa dos mil exemplares entre libros e revistas.

No arquivo ingresou diverso material manuscrito ou impreso que está en proceso de inventariado. Cabe salientar a documentación pertencente á Familia Pereira de Miranda (1401-1855), documentación referente ao oficio de ferroviario (1945-1968) e a correspondencia de Ramón Piñeiro a Manuel Caamaño (1960-1974).

Co fin de evitar a manipulación dos documentos orixinais, estase a facer unha dixitalización do fondo arquivístico, e aplicouse unha subvención da Consellería de Cultura para Bibliotecas Galegas de Especial Interese para mellorar a conservación dos fondos.

Este ano o servizo contabilizou 249 usuarios externos, entre eles investigadores das universidades de Santiago, Vigo, Autónoma de Madrid, Complutense de Madrid, Universitat Oberta de Catalunya, Buenos Aires, Maine (EE.UU.), Perugia (Italia) e Varsovia (Polonia). O total de libros consultados foi de 1.609 monografías. No arquivo consultáronse os fondos de Manuel Beiras, Antonio Fraguas, e Rodríguez Fraiz, xunto aos do propio Museo.

Facilitáronse referencias bibliográficas e documentais ás seguintes institucións: Casa de Galicia de Andorra, Real Academia Galega e concellos

de Malpica, Rois e Cambados. Solicitaron reprodución de fondos documentais a produtora Cinema S.L. (Ignacio Benedetti), o Concello de Santiago, e investigadores particulares.

Dedicáronse exposicións bibliográficas a Xosé M<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, co gallo do Día das Letras Galegas, e a Xesús Taboada Chivite, e cedéronse documentos en préstamo para as exposicións *A nosa voz*, da Presidencia da Xunta de Galicia, e *De Gaudeamus igitur a Venceremos nós*, da Fundación 10 de Marzo.

Colaborouse coa Biblioteca Nacional, o Consello da Cultura Galega e o Museo Pedagóxico de Galicia, e estableceuse intercambio coa Fundación Museo Ortegalia e o Club de Prensa de Ferrol.

Realizaron visitas guiadas os alumnos de Pedagogía da USC co profesor Alfonso Costa e os alumnos do curso "Auxiliar de Biblioteca e Centros de Documentación" impartido no centro de formación ocupacional do Pedroso, Santiago.

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

O DEAC atendeu unhas 21.000 persoas. O 55% deste público procede de Galicia, e un 50% do total é da terceira idade. Este colectivo vén incrementándose nos últimos anos, mentres os grupos de infantil e primaria están diminuíndo. Porén, rexistrouse un lixeiro aumento entre os universitarios e os adultos entre 30 e 45 anos.

O Departamento levou a cabo as seguintes actuacións ao abeiro do convenio coa Concellaría de Cultura do Concello de Santiago de Compostela:

■ **Día Internacional da Música**, cunha clase maxistral de Xosé Luis Rivas "Mini" e Baldomero Iglesias "Mero".

■ **Contos e historias de orixe popular**, programa que contou coa colaboración do actor Avelino González, no que participaron os contadores Quico Cadaval e Celso Fdez. Sanmartín de Galicia, José Luís Gutiérrez "Guti" de Zamora, Antonio Fontinha de Portugal e Joxe Mari Carrere de Euskadi.

■ **Café da memoria**, un faladoiro no que os maiores comentaron distintos aspectos da súa vida.

■ **Obradoiro de Monicreques**, a cargo de Títeres Viravolta.

■ **III Mostra de cinema etnográfico**: por terceiro ano consecutivo celebrouse a Mostra que comezou o día 31 de outubro coa preestrea do documental



Unha sesión do Café da Memoria, no xardín do claustro

*Da Regueifa ao Rap*, de Helena Villares e Pilar Faxil, e as actuacións dos regueifeiros Luís Caruncho e Pinto de Herbón e os rapeiros Deus Ke Te Crew.

■ **Outras olladas sobre o Museo**: con este proxecto convidáanse distintas persoas a dar a súa visión e a interpretar o Museo. Co nome de *Raposo, Paxaro, Museo. Proxecto para un trío de dous músicos e un contador de contos*, sábado 15 de novembro, realizáronse tres sesións abertas a todos os públicos nas que o óboe de Benxamin Otero, o acordeón de Carlos Quintá e as palabras de Celso Fdez. Sanmartín, botaron unha tripla ollada sobre esta institución.

## OUTRAS ACTIVIDADES

Entre as numerosas actividades que acolleu o Museo ao longo de 2008, destacaremos as seguintes:

- Reunión organizativa da participación na Feira Internacional do Libro da Habana, auspiciada pola Dirección Xeral de Creación e Difusión cultural.
- Curso de guías turísticos, organizado pola Dirección Xeral de Turismo.
- Mesa redonda encadrada na exposición *Redes de coñecemento*.
- Durante cinco fins de semana de marzo e abril desenvolveuse un curso de formación en Arte para profesores de secundaria, *Perspectivas actuais sobre a arte galega*, organizado pola Subdirección xeral de Ordenación educativa.
- Rolda de prensa para a presentación do programa de música *Espazos Sonoros*, que organiza a Consellería de Cultura a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.
- Reunión do xurado do Premio Xesús Taboada Chivite, que organiza o Concello de Verín.
- Presentación do DVD *Os batáns do Mosquetín: un conxunto etnográfico singular*, que recolle o traballo realizado polo patrón Xosé María Lema Suárez.
- No marco da exposición *Historia dunha emigración difusa* celebráronse dúas conferencias sobre a emigración galega a Portugal, a cargo dos profesores Camilo Fernández Cortizo e Domingo González Lopo.
- Durante o mes de maio o Museo acolleu por segundo ano consecutivo a actividade *Contos no Camiño*, organizada por OQO editora co patrocinio da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- Con motivo das festas do veciño barrio de San Pedro, celebrouse o tradicional Encontro de corais e mais un recital da cantante Paulina Ceremuzynska.
- O claustro acolleu en xullo os *Concertos express*, dentro do programa do III Festival *Via Stellae*, patrocinado pola Consellería de Innovación e Industria e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.
- Rolda de prensa sobre a recuperación da memoria histórica, baixo os auspicios da Consellería de Cultura e Deporte.
- Sesión das Aulas no Camiño, que organiza anualmente a Universidade da Coruña.

- Reunión do xurado do XXX Certame do Traxe galego, organizado pola Asociación do Traxe Galego e o Concello de Santiago de Compostela.
- Xornada *Arte e Compromiso. Castela nas artes plásticas*, organizada pola Asociación Galega de Arte e Cultura.
- Coincidindo coa celebración do XIV Congreso Nacional e V Iberoamericano de Historia da Veterinaria, o auditorio do Museo foi escenario das I Xornadas Galegas de Historia da Veterinaria, que serviron á súa vez como marco para a presentación do libro *Historia da Veterinaria galega*, de José M. Vázquez Varela e Diego Conde.
- A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! presentou o proxecto de creación do Sistema "Tesouros vivos da Eurorrexión".
- O Pen Clube Galicia, organizador da Bienal Internacional "De Pedra e de Palabra", celebrou no Auditorio do Museo dúas das sesións da Bienal.
- O IES Monte Castelo de Burela coordina a xuntanza do Programa educativo europeo PAP Grundtvig Collaborative Learning and Crosscultural Integration, no que participaron docentes de Italia, Turquía e a República Checa.
- Recepción e visita ao Museo dos emigrantes que participan no programa "Volver á terra" da Secretaría Xeral de Emigración.
- Xornadas sobre redución de residuos organizadas pola Federación Ecoloxista Galega.
- Curso de cultura galega organizado pola asociación Educasuevia de profesorado de ensino público non universitario.
- Entrega dos premios do concurso *Faros de onte, faros de hoxe*, promovido pola Secretaría Xeral de Comunicación e RETEGAL, coincidindo coa inauguración da exposición do mesmo título.
- Xornadas de expresión oral organizadas pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Actos do XXV aniversario de Nova Escola Galega, baixo o lema "1983-2008 Memoria e Proxecto. Alianzas para mañá".

## XUNTANZAS E ASEMBLEAS

Celebraron asembleas e xuntanzas nas dependencias do Museo a Asociación Galega de Antropoloxía, a Asociación do Traxe Galego, a Fundación Pedrón de Ouro, a Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Comisión permanente do Consello Galego de Museos, a Sociedade Galega de Historia Natural, a Organización Galega de Montes Comunaís, un colectivo de profesores de Matemáticas, a Asociación Galega polas Bibliotecas públicas e a Lectura, a Asociación Mámoa de aléitamento natural e a Fundación Galicia Emigración.

## FUNDACIÓN ANTONIO FRAGUAS

O 11 de outubro, coincidindo co acto inaugural das exposicións correspondentes á 5ª edición do proxecto didáctico Antonio Fraguas, fíxose entrega do premio aos seleccionados na 6ª edición.



Exposición da 5ª edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. Foto Margen

- O proxecto "Non deas a esquecemento..." do IES de Pontecaldelas, premiado na 4ª edición, abrirá unha serie de publicacións dos traballos de maior interese científico e/ou pedagóxico saídos do Proxecto Didáctico. A exposición correspondente a este traballo itinerou por varios concellos de Galicia rematando o seu periplo en Allariz.
- O proxecto "Educaldea" do CEIP Brea Segade de Taragoña, tamén seleccionado na 4ª edición, deu lugar á edición dun disco con varias das pezas musicais rescatadas durante o traballo.
- Dos traballos seleccionados na 5ª edición, a exposición correspondente ao IES Concepción Arenal de Ferrol, "As embarcacións tradicionais de Lorbé ata Ribadeo", ten confirmada a itinerancia por varias poboacións, e os seus materiais serán recollidos nunha publicación.

## INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES

O 10 de decembro abriuse un novo foro do IEI sobre Turismo e Identidade, coordinado por Xosé Manuel González Reboredo e Francisco Candela e patrocinado pola Dirección Xeral de Turismo. Incorporáronse achegas do historiador José Carlos Bermejo, dos antropólogos Agustín Santana e Llorenç Prats, e dos especialistas en turismo Eugenio Yunis e Javier Blanco, membros da Organización Mundial do Turismo.

O proxecto *Sons e voces da identidade* recibe un impulso decisivo coa creación do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), que a comezos de 2009 estará accesible en Internet. Trátase dun traballo en progreso, tecnicamente complexo, que se confiou á empresa AmaroukStudio e está coordinado desde o Museo por María Xosé Fernández e Concha Losada, coa asistencia dos socios Felipe Seoane e Xosé Ramón Varela, o musicólogo Sergio de la Ossa e o técnico de son César Morais. A Deputación da Coruña concedeu unha subvención para o proxecto.

Unha vez concluída a dixitalización dos fondos de Mero Iglesias e Mini Rivas, dos que xa están editadas e documentadas máis dun cento de entradas, que se incorporarán progresivamente á aplicación informática, iniciouse o proceso técnico do fondo de Xesús Mato. Así mesmo, estanse a dixitalizar as gravacións en cinta magnética existentes no Museo; xa se fixo coas do proxecto Recupera-la tradición oral e a seguir vaise facer coas da investi-

gación en saúde comunitaria no concello de Santa Comba, dirixido por Marcial Gondar.

## PATROCINADORES

As principais achegas proceden das seguintes institucións:

- Xunta de Galicia: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Dirección Xeral de Creación e Promoción Cultural); Consellería de Innovación e Industria (Dirección Xeral de Turismo); Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento sostible; Consellería de Traballo
- Concello de Santiago de Compostela
- Consorcio de Santiago
- Parlamento de Galicia
- S.A. de Xestión do Plan Xacobeo
- Deputacións Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra
- Fundación Caixa Galicia
- Fundación Caixanova
- Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo

Este ano habemos de facer constar tamén a colaboración de Gonzacar, Litonor, Artecorm, Paco de Pin, o grupo de cantareiras Leilía e o Mesón de Lázaro. A todos eles, a nosa gratitude.

## COLABORADORES

Agradecemento ás persoas que colaboraron co Museo ao longo do ano en diversos cometidos:

- Fernando Castro Bugallo, en prácticas de información e comercialización turísticas
- Alba Castro Trinidad, en prácticas de información e comercialización turísticas
- María Corzón colaborou coa Biblioteca en cuestións informáticas
- Mercedes Couto-Tella, asesora da Biblioteca e Arquivo
- Natalia Deira Martínez, en prácticas de información e comercialización turísticas
- Alexa García Pose, en labores de catalogación co departamento de Conservación
- Xosé Ramón Lema Bendaña, asesor da Biblioteca
- Xoán Ramón Marín Martínez, debuxante
- Francisco Méndez García, asesor da Biblioteca
- María Virtudes Pardo Gómez, asesora na catalogación do fondo Blanco-Cicerón
- Beatriz Pérez Canosa, en prácticas de información e comercialización turísticas
- David Precedo Sánchez, en prácticas de información e comercialización turísticas
- Manuel Rodríguez Calviño, colabora co Depto. de Conservación en materia de téxtil e indumentaria
- Isabel Romaní, colaboradora na catalogación do fondo Blanco-Cicerón
- Ana María Yebra Rodríguez, bolsreira do Centro Superior Bibliográfico de Galicia.